

EDITORIAL:

“ A BENZA” e o nome dunha illa, que todos coñecemos , pero tamen e o nome do noso periódico, o xornal do colexio que ten abertas as súas páxinas a tódolos alumnos. Neste primeiro número falamos de cousas que vai de curso como o Magosto,o festival de Nadal, o Antroido.....

Temos pensado quitar outro número o día das letras galegas . mandadenos traballos.

Esperamos a vosa colaboración e que vos guste este número. ¡¡Saudos e saude!!

A Redación.

### **O festival de nadal**

Na escola celebramos, o pasado ano, o festival de Nadal. Os nenos participaron da seguinte maneira: os de preescolar e ciclo inicial cantaron panxoliñas, e a unha nena de segundo rompeulle a botella coa que facía música; un grupo de rapaces tocaron a flauta, outros fixeron teatro, recitamos poesias..... e tamén tivemos un telexornal que fixeron os compañeiros de octavo curso, e tamén houbo un Belén vivente moi fermoso.  
Autoras: Silvia, Anxeles e Eva (6ºA)

O compañeiro David deleitounos cunha canción de “EUROPA”

# CRONICA DO MAGOSTO

O “magosto” é unha festa que nos vén de moitos anos atrás e consiste en asar gran cantidade de castañas e comelas en boa armonía entre amigos,vecinos e familiares. O magosto celébrase en moitos lugares de Galicia por tradición.

Este curso celebrámolo no colexio e foi un día estupendo que pasamos entre profesores e alumnos. Divertímonos moito, comemos castañas asadas e incluso pintamo-las caras, parecendo negriños e reiamos moito ó vernos uns ós outros; os profesores fixeron o mesmo que nos. Estaban todos moi simpáticos coas súas caras e mans negras.

Fixemos varios xogos e todos xuntos formamos un gran equipo.

Foi un fermoso e divertido día moi feliz para todos nos. Esperamos que o vindeiro curso o podamos repetir e o pasemos tan ben como neste inda que teñamos que estar media hora na ducha para saca-la negrura do Magosto.

Pola mañan pintamos murais e o máis bonito foi o da corteza e as follas, os ourizos e as castañas. Ese día foi o mellor de todos. Tamén houbo xogos: o da cucaña, os trompos, as carreiras de sacos..... Na categoría feminina ganou unha compañeira da miña escola e chamase Raquel. Na masculina gañou Xuanciño. Logo asamo-las castañas, comemo-las quentiñas e estaban sabrosas.

Autora: María Xesus Vidal curso 6º A

## O Magosto

O magosto veu cargado  
de xogos e ledicia,  
de contos bailes e risas  
a este colexio de galicia.

Fixemos leria abondo,  
Con castañas, lume e cinza  
Para celebrar esta festa  
Que nos cacus encima da testa .

A borralla fixo estragos,  
na cara dos que ali estabamos,  
poñiannola negra  
tampronto como a tocábamos.  
Hubo concurso de trompos,

Cucañas e carreiras de sacos,  
¡menudos batacazos! Se produciron alí,  
aunque a nadie lle doía  
e todo o mundo ría.

O magosto ven cargado  
De xogos e ledicia,  
De cantos bailes e risas  
A este colexio de Galicia.

Ana Isabel Rodríguez 7<sup>a</sup> B

## O ENTROIDO

O mércores fixemos a gran queima da sardiña, acompañada de loitos e choros, xa que se daba a despedida do Sr. Entroido, no que antes celebramos con desfiles de disfraces, relacionado con diversos temas de cada aula. Os disfraces que houboeran os seguintes: comenzamos polos máis pequenos que foron de semáforos, despois seguiron os paisanos dos distintos cursos..... na segunda etapa foi a monda: houbo unha boda, un enterro no que o difunto resucitou polo camiño. Tamén no podería faltar unha fermosa Sabrina, moi saltarina. E perseguida polas vellas do lugar; rematou o desfile con un grupo de punkis, con moita cadea.

Autora: Sonia.

## O CAN E O GATO

Erase unha vez un gato que paseaba pola cidade.  
Enton veu un can e empezou a perseguilo.  
O gato correu. Meteuse nun xardín lonxe da cidade.  
O gato subiu a un piñeiro e por último o can non pudo collelo.

Coral Betanzos Muñiz 3<sup>a</sup> A

DÍA DA ÁRBORE DÍA DA ÁRBORE DÍA DA ÁRBORE DÍA DA ÁRBORE

## O LIMOEIRO

O limoeiro plantase en xaneiro. Paqra plantalo faise unha cova, alí metese a raíz, abónase, apretase a terra e tápase ben.

O limoeiro precisa: sol, humidade, esterco e tratamento contra a peste. Onde máis abunda é na comunidade Valénciana, nas terras de regadio, e así ten o sol e a auga que é o que máis precisa. Por aquí tamén hai algún limoeiro debido á humidade e suavidade do clima.

A raíz do limoeiro é leñosa, ramificada e de singular tamaño, dependendo segundo sexa a árbore. O tronco é curto de pel lixa e de cor verde. A folla ten forma elíptica de cor verde, sendo máis clara polo envés. As flores son de pétalos de cor branca e de pequeno tamaño. O seu froito é o limón. E un froito carnoso e moi apreciado. Esta árbore pode da-los seus primeiros froitos ós dous anos de idade.

---

## A ÁRBORE

Ti que nos das madeira para facer muebles, armarios, mesillas  
Moitas máis cousas tamén protexer os paxaros que fan os niños nas tuas ponlas, que voan. Ti que nos das sombra para protexer a nosa cabeza.  
Ti nos das leña para o inverno. Ti que naces no bosque, campo e antes de dar froito das unha fermosa flor que nace na primaveira.

MARÍA LORENZO.

## “VIDA DAS ÁRBORES”

As árbores son moi importantes para a vida. As árbores dannos beneficios: madeira para mobles, para queimar e darnos calor, os seus froitos que podemos comer de moitas maneiras, outros froitos que sirven de alimentos para os animais como os pasaros, os esquíos...

Tódalas árbores teñen froitos, se ben non son todos comestibles. O tronco pode ser herbáceo ou leñoso. As árbores máis grosas do mundo estan en México: son os cipreses calvos, e as árbores mais vellos poden ten ata catro mil novecentos anos.

As follas das árbores, cando caen, sirven para darlle fertilidade ó solo; as follas poden ser caducas e perennes. As árbores de folla perenne teñen folla durante todolo ano, as de folla caduca non. As follas poden ter distintas formas e tamaños, redondas, onduladas.....

No inverno as follas do acibo, pino,...están verdes. Sa castañas do castiñeiro de indias non é comestible.

A faia vive nos bosques húmedos.

O castaño cultivase polos seus froitos e a súa madeira.

Autora: Silvia Vidal 6º

## O REGATO

¡ Ai meu rio ai meu regato!  
Quen me dera ser ti  
¡Ai meu rio ai meu regato!  
Ti eres meu amigo  
¡ Quen me dera ser ti!  
¡Ai meu rio ai meu regato!  
Quen me dese ser ti.

Autora: Trini 2º A

### " A VOAR VOLVORETAS "

O primeiro día de clase despois das vacacións levamos unha sorpresa . vimos dúas volvoretas

Voando pola clase, xa serian das ninfas.

En outubro trouxemos larvas de col á clase, os poucos días colgaronse da tapa do bote por uns fios e fóronse envolvendo unha tea quedando como mortas.

Así estiveron seis meses e logo pasaron a mariposas.

Para sair abriron a tea por un extremo .No campo ás ninfas atopámolas nos tellados das casas, nas paredes nos sotanos nas follas.etc...

## **“A VOLVORETA DA COL”**

N a súa cabeza hai dúas antenas un par de ollos, unha especie de trompa chamada espiritrompa que é a que utiliza para introducir nas follas, chupando o néctar que lle serve de alimento.

Ten dous pares as membranosas amarelas con puntos e manchas máis escuras.

Ten tres pares de patas.

Pon ovos nas follas da col dos que saen as larvas que se convirten en ninfas e estos en mariposas. Este parentesco chamase metamorfose.

**AUTORES:** Coral, Vanesa, M<sup>a</sup>. Carmen, José Antonio, Araceli, Isolina e Nuria de 3<sup>o</sup> A

Erase unha vez dúas nenas vivían nun pobo chovía moito no pobo . Non saía nadie a rua viron debuxos na tele.

*Autora: Mónica Gándara e Yolanda Martínez.*

Escaparon e foron a xogar pasárono ben fora *Autora : Muara .*

*Autores rapaces de párvulos*

# “CARTAS A BENZA”

Querida Benza:

Escriboche esta carta para protestar xa que non temos o equipo necesario para o deporte, tamen porque non temos patios cubertos, tampouco temos unha sala para tomar refrescos no recreo.

Cando chove votannos sin dereito e cando máis rogamos máis caña nos dan, eso en xeral, todos son crueles.

E según a lei nº. 643 do estado non se pode poñer deberes, e estamos dispostos a protestar.

Silvia Calo Muñiz 6ª

---

“CARTAS A BENZA” E UNHA SECCIÓN ABERTA A TODOLOS RAPACES PARA QUE NOS MANDEDES ÁS VOSAS CARTAS CONTÁNDONOS COUSAS, PROTESTANDO, ETC,ETC.

E SE QUERES MANDAR CAMELOS, XAMÓNS, TAMEN PODES FACELO. SAUDE

---

Querida BENZA:

Escriboche para protestar porque os profesores poñennos moitos exames, moitos temas para estudar,dous ou tres exames xuntos,¡NO MESMO DIA! e non damos abasto. Tamén non poñen moitos exercicios,e tendo en conta que nós somos NENOS e non máquinas nin ordenadores.

Ademais as vacacións son para xogar, non para estudar.

EVA 6º.

# "UN SONO FEITO REALIDADE"

A idea de poñer en funcionamento a biblioteca xurde a principios do curso 1987-1988. Neste momento había na biblioteca uns 700 volumes, dos que só uns poucos eran adecuados para os rapaces. En novembro o colexio compra "250" libros, sendo aínda insuficiente a cantidade para poder abríla.

En decembro pónse en marcha a I Campaña para acadar fondos e así poñer en funcionamento a Biblioteca conseguindo este resultado: 228.135 ptas recaudadas. Con estes cartos mercáronse 550 libros xa aptos para rapaces.

Así enchemos a Biblioteca de libros e para que os rapaces os poideran levar para a casa clasificámoslos da seguinte maneira :

- ❖ Primeiro rexistramolos.
- ❖ Púxoselle a sinatura onde vai expresado o nivel de idade para o que son adecuados, e as tres primeiras iniciais do apelido do autor dese libro.
- ❖ Fixéronse as fichas ponendo o nome do autor, o título do libro, a sinatura, o rexistro, a editorial e as observacións.
- ❖ Carimbáronse tódolos libros.
- ❖ Forráronse.

Agora os libros na Biblioteca están clasificados da seguinte maneira:

- ❖ Ata os 7 anos.
- ❖ De 8 a 10 anos.
- ❖ De 10 a 12 anos.
- ❖ De 12 a 16 anos.

Os libros podense levar á casa grazas ós rapaces e ós profesores que estiveron traballando na biblioteca.

Tamén queremos darlle as grazas ao Banco Pastor que donou 27 libros da Fundación Barrié.

Houbo tamén donacións de libros de Caixa Galicia, de alumnos e de pais de alumnos.

Queremoslle dar as grazas ós pais de alumnos, ó Banco Pastor, á Caixa Galicia, e en xeral a tódalas industrias e persoas que fixeron este sono realidade.

Xa que este sono se fixo realidade queremos invitar ós alumnos para que vaian á Biblioteca:

" Un libro axuda a triunfar, se non o podes comprar, a Biblioteca podeche axudar".

Autoras: Lidia e Ana Isabel 7º.



## **“DIA DAS LETRAS GALEGAS”**


O 17 de maio, día das letras galegas, saíra un número especial do xornal “A BENZA”.

Mandade os vossos traballos poesías contos debuxos.... antes da primeira semana de maio, para ter tempo para preparalo xornal.

GRACIÑAS.

Como xa sabedes este ano adicase ó escritor Ramón Otero Pedrayo, ahí vai a súa caricatura.

Caricatura de Ramón Otero Pedraio.



### PASOU NO COLEXIO:

- ❖ Allos, chicharos, leitugas, cebolas, pementos, lentellas.....e máis prantas sementaron os rapaces do Ciclo Inicial no seu pequeno horto, situado no patio do colexio. O remate do curso faremos unha xigantesca ensalada.
- ❖ Os rapaces de 7º visitarón o embalse do tambre e a central hidroeléctrica situada no mesmo río . ¡ quen poidera ir! .
- ❖ Carballos, castiñeiros, chopos..... novas árbores no patio do colexio.
- ❖ O día da árbore cada curso prantou a súa árbore. A medrar e que dentro duns anos den unha boa sombra.
- ❖ Na entrada do colexio tiñamos unha “piscina “, aínda que non resultaba axeitada para nadar nela. Parece que arraxaronos ese problema así como os xigantescos
- ❖ Buratos que había na carretera do colexio. Mellor tarde que nunca.

#### PASOU EN CABO DE CRUZ:

- ❖ O canario de Eva puse dous ovos na gaiola.
- ❖ Os rapaces de preescolar xa trasplantaron as litugas .
- ❖ Mataron un rato na clase de 5º B.
- ❖ Estanse acabando tódalas ameixas das praias, xa que algunha senté non respeta as vedas.
- ❖ Apareceron dous arroaces mortos na praia de carragueiros.
- ❖ Un home un barco foi apique ó tocar nun canle entre a Benza e as bateas, ese canle non se coñecía e nunha seca grande descubriuse.
- ❖ Asaltaron unha casa e roubaron os trasmallos.

## OS “5 “ PRINCIPALES

A redación do periódico “ A BENZA” fixo unha enquisa, ós nenos de 6º sobre os gupos musicais españois máis importantes.

Elixiron en primeiro lugar “OLÉ OLÉ “ co a súa canción “ SECRETOS”.

No segúndo lugar “ LA DECADA PRODIGIOSA” coa canción “ LOS AÑOS SETENTA” que irán dentro de moi pouquiño tempo ó festival de Eurovisión empatado con “ HOMBRES G “ .

En terceiro lugar “ JUAN PARDO” coas cancións “ QUE TIENES EN LA CAMA” e “ SEÑOR AMOR”.

En cuarto lugar “DUCANDU” coa canción “ EN UN LUGAR DE PARIS” empatado con “JOAQUÍN SABINA”.

En quinto lugar “ MECANO “ con “ LOS ESQUELETOS EN EL CEMENTERIO”.

1. UNA FIESTA ESPECIAL (DECADA PRODIGIOSA)
2. SECRETOS (OLÉ OLÉ) EN UN LUGAR DE PARIS (DUCANDU)
3. LA FIESTA DE BLAS ( DECADA PRODIGIOSA)
4. BRAVO SAMURAI ( VIKI LARRAZ)
5. SOLA CON UN DESCONOCIDO (OLÉ OLÉ )

Enquisa feita entre os rapaces de 2ª etapa.

## UNHA EXCURSIÓN DE 7º

Ás nove e media tódolos rapaces de 7º A e B estábamos reunidos esperando ansiosos ós autobuses que nos ían levar a Noia. Anque non era unha excursión moi longa ós nenos parciais interesantes. En primeiro lugar visitamos-la central hidroeléctrica situada nas aforas de Noia. Ali explicáronnos o funcionamento da central.

Recorremola toda e puidemos observar o seguinte: uns tubos de grandes dimensións baixaban cargados de agua do embalse e introducíanse na Central esta pasaba por unha turbina e o eixe dela facía mover un alternador, que era o que realmente producía a electricidade. Despois deste recorrido por unha ponte colgante que semanas atrás fora aroxada pola riada. Ó rematar a visita obsequiáronos con gran variedade de pinchos, bebidas, etc....logo a cada un dos rapaces déronos un xogo, un bolígrafo e un chaveiro.

Máis tarde visitamos-lo embalse do que nos falamos na central e ali puidemos observar e recorrerlo. Despois desto fomos comer a un campo cerca dunha igrexa. Non tiñan proxectado ningunha outra visita, pero logo como se facía moi cedo e como estabamos moi cerca de Padrón, puxéronse de acordo para ir a visita-la casa de Rosalía de Castro, que foi a gran poetisa de Galicia. Alí observamos todo o que lle pertencera tempo atrás e agora está declarado Museo pola súa antigüidade.

De volta a casa pasamos todo o camiño cantando as cancións da “DECADA PRODIGIOSA”.

Eran case as cinco e media cando chegamos ó colexio, moi contentos por haber realizado esa viaxe, e con ganas de repetila.

Autoras: Diana e Ana Isabel 7º.

## PAXINA DEPORTIVA

No colexio facemos uns campionatos internos, y tanto femeninos como masculinos; os equipos participantes son os dos cursos do ciclo superior:

Xoganse ós seguintes deportes:

Na categoría masculina: Fútbol, Balonmano e baloncesto.

Na categoría feminina : Voleibol, balonmano e baloncesto.

As clasificacións atopanse, neste momento, da seguinte maneira:

Fútbol: 1º lugar (8º B), 2º lugar (7º B)

Baloncesto masculino: 1º lugar (8º A) e 2º lugar (8º B)

Balonmano masculino: 1º lugar (7º A) e 2º lugar (7º B)

Baloncesto feminino: 1º lugar (7º A) e 2º lugar (8º B)

Balonmano feminino: 1º Lugar (8º A) e 2º lugar (6º B)

Estas son as clasificacións ata o momento. Os catro primeiros clasificados, despois de xogar tódolos partidos, xogarán o play-off para acadar o primeiro posto.

AUTOR: ELÍAS LÓPEZ LUIS.

REDACIÓN DA “BENZA” : Forman parte da redación do xornal as seguintes persoas: ANXELES , EVA, GUILLERMO , SILVIA, TRINIDAD, MARCOS así como rapaces que colaboraron mandando traballos.

Neste número non se poideron publicar todos os traballos recibidos.

¡ COLABORA CON “ A BENZA” ¡.